

**Á XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA  
SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN  
(AVENIDA M<sup>a</sup> VICTORIA MORENO, Nº 43-5º, C.P. 36071 PONTEVEDRA)**

**Expediente: Parque Eólico Albariño I (IN661A 2007/1-4)**

**DNA. SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ**, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Tomiño, en exercizo das competencias a ésta atribuídas no art. 21.1.a), b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e art. 61.1.a) e b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e con domicilio a efectos de notificacións en Praza do Seixo, S/Nº, C.P. 36740, Tomiño, ante esa Administración comparece e, como mellor proceda en dereito,

### **EXPÓN**

Que con respecto da Resolución desa Xefatura Territorial de data de 22 de setembro de 2021, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico “Albariño I”, emprazado nos concello de Baiona, Oia e Tomiño da provincia de Pontevedra (IN661A 2007/1-4), a medio da presente, procede a formular as seguintes

### **ALEGACIÓNS**

**Primeira.-** A problemática relativa á implantación de parques eólicos ten sido analizada a nivel plenario por este Concello na súa sesión de data de 12 de xaneiro de 2021, na cal, téndose posto de manifesto o imprescindible de ter en conta aos propietarios afectados, se acordaría:

**“ACORDOS:**

*1.Denunciar diante da Xunta de Galicia o modelo opaco seguido na adxudicación e tramitación dos parques eólicos que afectan á Serra da Groba.*

*2. Esixir á Consellería de industria a paralización dos proxectos en marcha e a modificar a normativa que os regula”.*

E na súa sesión de data de 31 de maio de 2021, o seguinte:

*“Por todo o exposto, o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:*

*1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.*

*2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que una parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.*

*3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agro gandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.*

*4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:*

*a) Paralizar cautelamente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.*

*b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país, para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.*

*c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.*

5. *Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:*

*a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.*


*b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.*

*c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación”.*

Debendo sinalar que por parte do Concello de Tomiño se valora de modo positivo o uso das enerxías limpas e renovables como a eólica, se ben se considera que este debe ser articulado tratando de minimizar as afeccións que se orixinan sobre o medio, motivo polo cal, a maiores do Informe remitido por este Concello no trámite de audiencia e consultas desenvolto con este Ente Local, interesa formular o presente escrito de alegacións en defensa dos intereses dos veciños do municipio.

**Segunda.-** Tal e como se determina no apartado 2.2 e 5 do Proxecto de Execución do Parque Eólico Albariño, contémpase a instalación de 6 aeroxeradores de Nordex N149 IECS T125, con torre de aceiro de 125 m. e potencia total instalada de 25,28 MW, 2 instalacións meteorolóxicas, un edificio de control e a Subestación Barrantes (a cal servirá como centro de transformación tamén para o Parque Eólico Torroña I e Parque Eólico Torroña III), conectándose á rede de distribución mediante dita Subestación, que se conectará á liña “Gondomar-O Rosal 132 kV” mediante unha nova liña aérea que disporá dun apoio intermedio entre a Subestación e a liña existente, sendo necesario substituír un dos apoios da liña “Gondomar – O Rosal 132kV” por outro deseñado para soportar os esforzos xerados pola nova conexión.

Considerando de gran relevancia ser o que consta no Rexistro Eólico de Galicia:



Fonte: Visor do Rexistro Eólico de Galicia<sup>1</sup>

Evidenciando a proximidade entre os Parques Eólicos en trámite de autorización nesta zona e que, nos termos anteriormente referidos, empregarán as mesmas instalacións de transformación e evacuación, o que pode facer pensar no plantexamento dun único proxecto eólico a implantar na zona suroeste da provincia de Pontevedra que se fragmenta en varios de menor entidade para evitar que sexa a Administración estatal o órgano substantivo de tramitación, ao ser o contemplado no art. 3.13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, o seguinte:

*“Corresponden a la **Administración General del Estado**, en los términos establecidos en la presente ley, las siguientes competencias:*

**13. Autorizar las siguientes instalaciones eléctricas:**

<sup>1</sup> Nótese ser os Parques Eólicos que constan nas Áreas de Desenvolvemento Eólico representadas o Parque Eólico Albariño I, o Parque Eólico Merendón, o Parque Eólico Torroña I e o Parque Eólico Torroña (descoñecéndose por este Concello se este último se corresponde co Parque Eólico Torroña III que se refire no Proxecto de Execución presentado).

***a) Instalaciones peninsulares de producción de energía eléctrica, incluyendo sus infraestructuras de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, instalaciones de transporte primario peninsular y acometidas de tensión igual o superior a 380 kV.***

E de distribuir entre varios proxectos os efectos sobre o medio que se derivarán de tal acumulación de instalacións de xeración de enerxía e infraestruturas asociadas, coa finalidade de diluir o impacto que se orixinará na zona suroeste da provincia de Pontevedra a medio da implantación de tales instalacións.

Remontándose a tramitación das instalacións do Parque Eólico Albariño I ao ano 2007, tal e como se contempla no apartado 1.1 do Proxecto de Execución presentado, téndose solicitado autorización administrativa posteriormente ao abeiro da Orden de 20 de xaneiro de 2010 de entón Consellería de Innovación e Industria pola que se abre o prazo para a presentación de solicitudes de otorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais e ditándose en data de 30 de abril de 2010 Resolución da entón Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas pola que se publica a relación de solicitudes de outorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais, na que se autorizou a reubicación en outros parques eólicos da potencia da que desistira EUROVENTO, determinándose como potencia para o Parque Eólico Albariño I a de 25,3 MW.

Téndose desenvolto tal procedemento ao abeiro das previsións da redacción orixinaria da Disposición Transitoria Segunda.2 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, a redacción da cal se modificou polo apartado Once da Disposición Final Séptima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de Fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, eliminando a referencia á tramitación relativa aos plans eólicos empresariais, polo cal se considera cuestionable que a data actual se podan seguir entendendo de aplicación as previsións derivadas de dito procedemento no que se estableceu a precitada reserva de potencia en relación ao Parque Eólico Albariño I.

Inclúndose no Anexo Nº 01 do Proxecto de Execución do Parque Eólico Albariño I “Evaluación del recurso eólico” a cal se articula a partir de período de medición comprendido entre o 5 de setembro de 1995 e o 26 de novembro de 2013 en relación á estación meteorolóxica de Torroño e a período comprendido entre o 7 de febreiro de 2003 e o 27 de febreiro de 2010 con respecto da estación meteorolóxica de Groba; polo tanto, tratándose de medicións de recurso respecto das cales teñen transcurrido máis de 8 anos nun caso e superando os 11 anos noutro, do que debe

derivar a súa inconsistencia para sustentar o estudo do recurso que se podería xerar polo Parque Eólico Albariño I.

E incorporándose no seu Anexo Nº 10 “Estudio de campos electromagnéticos” no que se omite calquera tipo de valoración con respecto da Subestación e nova liña aéreas a executar e se parte dos valores contemplados no Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, cando se ten ditado en data de 2 de abril de 2009 polo Parlamento Europeo Resolución sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos nas que se *“Insta a la Comisión a que revise el fundamento científico y la adecuación de los límites de CEM fijados en la recomendación 1999/519/CE e informe al respecto al Parlamento; pide que sea el Comité científico de los riesgos sanitarios emergentes y recientemente identificados quien efectúe dicha revisión”* e en data de 27 de maio de 2011 a Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa na cal se refire a necesidade de *“8.1.2. Reconsiderar la base científica de las actuales normas de exposición a los campos electromagnéticos establecidas por la Comisión Internacional de Protección contra las Radiaciones No-Ionizantes (ICNIRP), que tienen graves limitaciones, y aplicar el principio ALARA “tan bajo como sea razonablemente posible”, tanto con respecto a los efectos térmicos como a los efectos atómicos o biológicos de la radiación o emisiones electromagnéticas”*.

Tendo sido emitido Informe a este respecto por parte do Instituto Karolinska sueco, onde tras detallados estudos e análises se alcanzan conclusións moi concretas e específicas en relación a distancias e incluíndose pola Agencia Internacional de Investigación sobre el Cáncer (IARC) os campos electromagnéticos de baixa frecuencia como posible agente canceríxeno (categoría 2B); establecéndose por ditas entidades científicas e a normativa de varios países establecen 0,2  $\mu\text{T}$  como valor límite de inmisión dos campos electromagnéticos de frecuencia extremadamente Baixa e, á luz destes datos, a Federación Española de Municipios y Provincias e o Ministerio de Sanidad recomendaron que *“deben fomentarse estudios epidemiológicos en poblaciones expuestas por encima de 0,4  $\mu\text{T}$ ”*.

**Terceira.-** No apartado 1.1 da Memoria do Proxecto Sectorial do Parque Eólico Albariño I contéplase que *“El desarrollo eólico en Galicia se realiza dentro del marco establecido por el Plan Sectorial Eólico de Galicia, por lo que las infraestructuras eólicas deben ser consideradas de incidencia supramunicipal, siendo obligatoria la aprobación del correspondiente Proyecto Sectorial. De acuerdo a lo establecido en el Decreto 80/2000, de 23 de marzo, por el que se regulan los planes y proyectos sectoriales de incidencia supramunicipal, el promotor del presente Parque Eólico solicita ante el órgano competente la aprobación del Proyecto Sectorial que regulará la implantación territorial de las infraestructuras, dotaciones e instalaciones del Parque, habida cuenta que por*

*sus características generadoras de electricidad debe considerarse de interés público”.*

Motivando o interese público e utilidade social de dita instalación no seu apartado 1.5 sobre a base da utilidade social da enerxía eólica en xeral e por atoparse dentro dunha Área de Desenvolvemento Eólico incluída na Modificación do Plan Eólico de Galicia. Sendo o considerado por esta parte que tales xeralidades en modo algún poden considerarse xustificativas da utilidade social e interese público que resultan esixidos para a articulación deste tipo de instrumentos de ordenación do territorio.

Chamando a atención o feito de ser a normativa ao abeiro da cal se elabora dito Proxecto sectorial o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, cando dita disposición ten sido derogada con data de efectos de 14 de febreiro de 2021 pola Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia, sen entrar a instalación que nos ocupa dentro dos supostos contemplados na súa Disposición Transitoria Primeira aos efectos da aplicación da normativa anterior, polo que debería ter sido articulado como Proxecto de Interese Autonómico, de conformidade ao establecido no art. 40 e seguintes de dita norma.

**Cuarta.-** No termo municipal de Tomiño prevese a ubicación de 2 aeroxeradores, a subestación transformadora (xunto coa liña aérea de conexión á rede existente) o edificio de control e parte da conexión soterrada entre estas construcións e os aeroxeradores; analizándose no apartado 7.2 do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Albariño I, as alternativas de proxecto valoradas, sen que a análise desenvolva cumpla co esixido no apartado 2 da Parte A do Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, no que se determina:

*“El estudio de impacto ambiental, al que se refiere el artículo 35, deberá incluir la información detallada en los epígrafes que se desarrollan a continuación:*

**2. Examen de alternativas del proyecto que resulten ambientalmente más adecuadas,** de conformidad con lo dispuesto en el artículo 1.1.b) que sean técnicamente viables, y justificación de la solución adoptada.

*a) Un examen multicriterio, estudiado por el promotor, de las distintas alternativas que resulten ambientalmente más adecuadas, y sean relevantes para el proyecto, incluida la alternativa cero, o de no actuación, y que sean técnicamente viables para el proyecto propuesto y sus características específicas; y una justificación de la solución propuesta, incluida una comparación de los efectos medioambientales, que tendrá en cuenta diversos criterios, como el económico y el funcional, y entre los que se incluirá una comparación de los efectos medioambientales. La selección de la mejor alternativa deberá estar soportada por un análisis global multicriterio, donde se*

tenga en cuenta, no sólo aspectos económicos, sino también los de carácter social y ambiental.

**b) Una descripción de las exigencias previsibles en el tiempo, en orden a la utilización del suelo y otros recursos naturales, para cada alternativa examinada.**

**c) Respecto a la alternativa 0, o de no actuación, se realizará una descripción de los aspectos pertinentes de la situación actual del medio ambiente (hipótesis de referencia), y una presentación de su evolución probable en caso de no realización del proyecto, en la medida en que los cambios naturales con respecto a la hipótesis de referencia puedan evaluarse mediante un esfuerzo razonable, de acuerdo a la disponibilidad de información medioambiental y los conocimientos científicos”.**

Ao non realizarse exame multicriterio das alternativas propostas senon simple descripción de cada una delas; nin descripción das esixencias de utilización de solo e recursos naturais para cada alternativa e, determinándose simplemente, en relación á alternativa 0 (cero) que *“La alternativa de no ejecución del proyecto implica el mantenimiento de la situación preoperacional que se describe en los apartados del inventario. La zona de implantación del proyecto se caracteriza por una clara vocación agroforestal con predominio de la ganadería extensiva. Estos usos han modificado la sucesión natural de los hábitats presentes y modificarán las unidades paisajísticas existentes”.*

Este Concello tampouco pode amosar conformidade con respecto do alcance do inventario ambiental que se incorpora no apartado 8 do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Albariño I nin en relación á identificación e valoración do impacto ambiental que se realiza no apartado 9 de dito documento, ao non cumprirse co esixido no apartado 3 da Parte A do Anexo VI da Lei 21/2013, no que se sinala:

**“3. Inventario ambiental, y descripción de los procesos e interacciones ecológicas o ambientales claves.**

*a) Estudio del estado del lugar y de sus condiciones ambientales, antes de la realización de las obras, así como de los tipos existentes de ocupación del suelo y aprovechamientos de otros recursos naturales, teniendo en cuenta las actividades preexistentes.*

**b) Descripción, censo, inventario, cuantificación y, en su caso, cartografía, de todos los factores definidos en el artículo 35, apartado 1, letra c), que puedan verse afectados por el proyecto:** la población, la salud humana, la biodiversidad (por ejemplo, la fauna y la flora), la tierra (por ejemplo, ocupación del terreno), la geodiversidad, el suelo (por ejemplo, materia orgánica, erosión, compactación y sellado), el subsuelo, el agua (por ejemplo, modificaciones hidromorfológicas, cantidad y calidad), el medio marino, el aire,



*el clima (por ejemplo, emisiones de gases de efecto invernadero, impactos significativos para la adaptación), el cambio climático, los bienes materiales, el patrimonio cultural, así como los aspectos arquitectónicos y arqueológicos, el paisaje en los términos del Convenio Europeo del Paisaje, y la interacción entre todos los factores mencionados.*

*En su caso, para las masas de agua afectadas se establecerá: su naturaleza, caracterización del estado, presiones, impactos y objetivos ambientales asignados por la planificación hidrológica.*

**c) Descripción de las interacciones ecológicas claves, y su justificación.**

*d) Delimitación y descripción cartografiada del territorio afectado por el proyecto, para cada uno de los aspectos ambientales definidos.*

**e) Estudio comparativo de la situación ambiental actual, con la actuación derivada del proyecto objeto de la evaluación, para cada alternativa examinada.**

*f) Las descripciones y estudios anteriores se harán de forma sucinta, en la medida en que fueran precisas para la comprensión de los posibles efectos del proyecto sobre el medio ambiente.*

**4. Identificación y valoración de impactos, tanto en la solución propuesta, como en sus alternativas.**

*a) Se incluirá la identificación, cuantificación y valoración de los efectos significativos previsibles, de las actividades proyectadas sobre los aspectos ambientales indicados en el apartado 3 para cada alternativa examinada. En su caso, se incluirán las modelizaciones necesarias para completar el inventario ambiental, e identificar y valorar los impactos del proyecto.*

*b) Necesariamente, la identificación de los impactos ambientales derivará del estudio de las interacciones, entre las acciones derivadas del proyecto y las características específicas de los aspectos ambientales afectados en cada caso concreto. Entre las acciones a estudiar figurarán las siguientes:*

*1.º La construcción y existencia del proyecto, incluidas, cuando proceda, las obras de demolición.*

*2.º El uso de recursos naturales, en particular la tierra, el suelo, el agua y la biodiversidad (recursos naturales), teniendo en cuenta, en la medida de lo posible, la disponibilidad sostenible de tales recursos.*

*3.º La emisión de contaminantes, ruido, vibración, luz, calor y radiación, la creación de molestias y la eliminación y recuperación de residuos.*

*4.º Los riesgos para la salud humana, el patrimonio cultural o el medio ambiente (debidos, por ejemplo, a accidentes o catástrofes).*

*5.º La acumulación de los efectos del proyecto con otros proyectos, existentes y/o aprobados, teniendo en cuenta los problemas medioambientales existentes*

*relacionados con zonas de importancia medioambiental especial, que podrían verse afectadas o el uso de los recursos naturales.*

*6.º El impacto del proyecto en el clima (por ejemplo, la naturaleza y magnitud de las emisiones de gases de efecto invernadero, y la vulnerabilidad del proyecto con respecto al cambio climático).*

*La descripción de los posibles efectos significativos con respecto a los factores mencionados en el artículo 35.1, debe abarcar los efectos directos y los efectos indirectos, secundarios, acumulativos, transfronterizos, a corto, medio y largo plazo, permanentes y temporales, positivos y negativos del proyecto. Esta descripción, debe tener en cuenta los objetivos de protección medioambiental establecidos a nivel de la Unión o de los Estados miembros, y significativos para el proyecto.*

*En su caso, se deberán estudiar las repercusiones del proyecto sobre los diferentes elementos de calidad que definen el estado o potencial de las masas de agua afectadas.*

*La descripción de los métodos de previsión o de los datos utilizados para definir y evaluar los efectos significativos en el medio ambiente, incluidos detalles sobre dificultades (por ejemplo, deficiencias técnicas o falta de conocimientos) a las que se ha tenido que hacer frente al recopilar la información, y las principales incertidumbres que conllevan.*

*c) La cuantificación de los efectos significativos de un plan, programa o proyecto sobre el medio ambiente consistirá en la identificación y descripción, mediante datos mensurables, de las variaciones previstas de los hábitats y de las especies afectadas, como consecuencia del desarrollo del plan o programa, o por la ejecución del proyecto. Se medirán en particular las variaciones previstas en:*

*1.º Superficie del hábitat o tamaño de la población afectada, directa o indirectamente, a través de las cadenas tróficas, o de los vectores ambientales, en concreto, flujos de agua, residuos, energía o atmosféricos, suelo, ribera del mar y de las rías. Para ello se utilizarán unidades biofísicas del hábitat o especie afectadas.*

*2.º La intensidad del impacto con indicadores cuantitativos y cualitativos. En caso de no encontrar un indicador adecuado al efecto, podrá diseñarse una escala que represente, en términos de porcentaje, las variaciones de calidad experimentadas por los hábitats y especies afectados.*

*3.º La duración, la frecuencia y la reversibilidad de los efectos que el impacto ocasionará sobre el hábitat y especies.*

*4.º La abundancia o número de individuos, su densidad o la extensión de su zona de presencia.*

*5.º La diversidad ecológica medida, al menos, como número de especies, o como descripción de su abundancia relativa.*

6.º La rareza de la especie o del hábitat (evaluada en el plano local, regional y superior, incluido el plano comunitario), así como su grado de amenaza.

7.º La variación y cambios que vayan a experimentar, entre otros, los siguientes parámetros del hábitat y especie afectado: el estado de conservación, el estado ecológico cuantitativo, la integridad física, y la estructura y función.

d) Valoración. Se indicarán los impactos ambientales compatibles, moderados, severos y críticos que se prevean, como consecuencia de la ejecución del proyecto. Se jerarquizarán los impactos ambientales, identificados y valorados, para conocer su importancia relativa”.

Sen contemplarse previsión alguna con respecto das interaccións ecolóxicas claves dos factores ambientais afectados polo proxecto nin integrar estudo comparativo entre a situación actual e a derivada da implantación da instalación e limitándose a valoración de impactos aos correspondentes coa alternativa seleccionada.

Interesando destacar, en atención á súa relevancia, a afección que se orixinará a medio do Parque Eólico Albariño I con respecto dos seguintes elementos:

a. Recursos hídricos:

No apartado 8.1 do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I determínase que:

*“El dominio público hidráulico se verá afectado por el proyecto únicamente en el curso 1003799292, que en la actualidad es atravesado por un vial que será mejorado para su uso como acceso a los aerogeneradores AG09 y AG11. Este curso se verá afectado por las labores de mejora del vial existente y la instalación de la zanja de interconexión, que discurrirá paralela al vial existente. (...)*

*En el resto de los cauces el proyecto sólo afecta a la zona de policía”.*

Pois ben, como se pode apreciar seguidamente, a zona do termo municipal de Tomiño na que se prevé a instalación das precitadas instalacións do Parque Eólico Albariño I conta con numerosos elementos hidrolóxicos que deben resultar obxecto de debida protección nos termos previstos no art. 92 e art. 92.bis do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, nos que se determina:

***“Son objetivos de la protección de las aguas y del dominio público hidráulico:***

a) Prevenir el deterioro, proteger y mejorar el estado de los ecosistemas acuáticos, así como de los ecosistemas terrestres y humedales que dependan de modo directo de los acuáticos en relación con sus necesidades de agua.

b) Promover el uso sostenible del agua protegiendo los recursos hídricos disponibles y garantizando un suministro suficiente en buen estado.

**“1. Para conseguir una adecuada protección de las aguas, se deberán alcanzar los siguientes objetivos medioambientales:**

a) para las aguas superficiales:


a') Prevenir el deterioro del estado de las masas de agua superficiales.

b') Proteger, mejorar y regenerar todas las masas de agua superficial con el objeto de alcanzar un buen estado de las mismas.


b) Para las aguas subterráneas:

a') Evitar o limitar la entrada de contaminantes en las aguas subterráneas y evitar el deterioro del estado de todas las masas de agua subterránea.

b') Proteger, mejorar y regenerar las masas de agua subterránea y garantizar el equilibrio entre la extracción y la recarga a fin de conseguir el buen estado de las aguas subterráneas”.



Fonte: Visor do Plan Básico Autonómico de Galicia



Fonte: Elaboración propia

Considerando insuficiente a análise efectuada, resultando imprescindible a elaboración dun **estudo hidrolóxico** no que se inventaría a totalidade de recursos hidrolóxicos existentes na zona de implantación, tanto superficiais como soterrados (incluíndo os mananciais dos que se nutren varias Comunidades de Usuarios).

Resultando valorado o impacto sobre a hidroloxía e drenaxe no apartado 9.4.4 do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Albariño I como moderado en fase de construción no relativo á construción de viais e obras de drenaxe transversal e como compatible con respecto dos acopios de materiais e a construción de instalacións auxiliares; valoración esta respecto da cal non se pode amosar conformidade por esta parte, en atención ás afeccións que se orixinarán á hidroloxía da zona a medio das infraestruturas a implantar e viario a executar, derivando en alteracións de carácter severo do réxime hidrolóxico e de escorrentías da zona.

b. Vexetación:

Pola implantación do proxecto do Parque Eólico Albariño I resultará afectada vexetación correspondente cos Hábitat de Interese Comunitario Prioritario 4020 e 7150 e cos Hábitat de Interese Comunitario Non Prioritario 4030 e 8020, tal e como se refire no apartado 8.2.1 do Estudo de Impacto Ambiental.

Sendo calificado o impacto que se orixinará a estes como moderado en fase de construción e compatible en fase de explotación, cando, en atención á irreversibilidade dos efectos que se poden orixinar sobre ditas especies, a cualificación do impacto debería ser, a de severo en fase de construción e cando menos, moderado en fase de explotación.

c. Fauna:

Tal e como se contempla no apartado 8.2.2 do Estudo de Impacto Ambiental, a zona de implantación do Parque Eólico Albariño I atópase incluída en zona de distribución potencial do Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia, aprobado por Decreto 75/2013, do 10 de maio, sendo do determinado no art. 9 de dita disposición, o seguinte:

*“En todos aqueles territorios de Galicia incluídos en la zonificación del escribano palustre serán de aplicación, con carácter general las siguientes normas:*

*b) Tanto los **proyectos comprendidos en el ámbito de aplicación del Real decreto legislativo 1/2008, de 11 de enero, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de evaluación de impacto ambiental de proyectos**, como los planes y programas comprendidos en el ámbito de aplicación de la Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, **cuando puedan afectar al hábitat de la subespecie lusitánica del escribano palustre, deberán evaluar sus efectos sobre el mismo y sobre la posible recuperación de su población**”.*

O cal non se ten cumprimentado na documentación presentada, ao determinarse simplemente que a posible presenza desta especie será tida en conta no Plan de Vixilancia Ambiental, tal e como consta no apartado 2.1.1 do Anexo C do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I.

Atopándose incluído dito ámbito na Zona 3 do Plan de Xestión do Lobo en Galicia, aprobado por Decreto 297/2008, do 30 de decembro, no punto 18 do cal, se sinala que:

**“5. La Dirección General de Conservación de la Naturaleza fomentará que en las evaluaciones de impacto ambiental de proyectos de implantación eólica se incluyan datos sólidos sobre la presencia de lobos en sus áreas de influencia y se realice una evaluación y seguimiento de las afecciones de la instalación eólica sobre la población de lobos; estructura social, zonas de cría, uso del espacio, etc. Además se realizará un estudio de cuestiones como la estructura social de las manadas, productividad, mortalidad, uso del espacio y selección de zonas de cría en zonas con y sin parques eólicos, entre otras, que permitirán evaluar el impacto de los parques eólicos en los lobos”.**

Sendo o únicamente contemplado no apartado 2.2.2 do Estudo Faunístico anual que se inclúe como Anexo C do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I non considerarse a presenza de lobos.

Polo que respectaría ás especies de quirópteros, as cales resultan especialmente afectadas por este tipo de instalacións, identifícanse as especies de morcego enano (*Pipistrellus pipistrellus*), morcego hortelano (*Eptesicus serotinus*), morcego de bosque (*Barbastella barbastellus*), morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) (incluída esta última no Catálogo Galego de Especies Amenazadas e no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, na categoría de “Vulnerable” en ambos casos), considerándose por esta parte como en exceso limitados os tempos das campañas realizadas para a súa identificación, ao ser o referido no Anexo C do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I, no que se inclúe Estudo faunístico anual, 4 campañas de aproximadamente 3 horas de duración cada una ao longo dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2020.

No referente ás especies de anfibios, sinalar que 13 das 14 especies presentes en Galicia están presentes na Serra da Groba, sendo alguna delas escasas no contexto galaico, e moi escasas no contexto das Rías Baixas; nesta zona tamén se atopan un mínimo de 15 das 26 especies de réptiles presentes en Galicia.

Debendo porse de manifesto a afección a unha das tres poboacións de sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*) que quedan na provincia de Pontevedra, e a que se considera máis numerosa a día de hoxe, tamén se ten constatada a presenza do escáncer ibérico (*Chalcides bedragai*) nunha das poucas poboacións rexistradas na provincia de Pontevedra e outras especies como a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitania*) a rela (*Hyla molleri*) ou a rá patilonga (*Rana iberia*). Todas elas incluídas no Anexo II do **Catálogo Galego de Especies Ameazadas**, aprobado por Decreto 88/2007, do 19 de abril, coa categoría de “vulnerable”.

Considerándose que, en atención á afección que se orixina á fauna da zona tanto na fase de construción como posteriormente na fase de operación (fundamentalmente ás especies de aves, quirópteros, anfibios e réptiles), o impacto debería ser cualificado como severo en lugar de moderado, como se determina no apartado 9.4.11 do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Albariño I.

d. Espazos Naturais Protexidos:

A 8 quilómetros da poligonal do Parque Eólico Albariño I atópase a Zona Especial de Conservación e Zona de Especial Protección das Aves “Esteiro do Miño”; incorporándose no Anexo L do Estudo de Impacto Ambiental de dita instalación, análise da afección á REDE NATURA 2000, calificando como compatible o impacto que se orixinará sobre os hábitat tanto en fase de construción como en fase operación; igualmente como compatible a afección sobre especies de especial protección en fase de explotación e polo que respectaría á paisaxe, valorando como compatible o impacto en fase de construción e como moderado en fase de funcionamento.

Cualificación ésta na que discrepa este Concello en atención á sensibilidade dos valores naturais presentes na Zona Especial de Conservación e Zona de Especial Protección das Aves “Esteiro do Miño” e que teñen dado lugar á súa clasificación como tal, de tal modo que o impacto que se orixinará a tales factores será cando menos o de moderado ou severo, respectivamente.

Sinalándose no art. 5 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a biodiversidade, que:

***“1. Todos los poderes públicos, en sus respectivos ámbitos competenciales, velarán por la conservación y la utilización racional del patrimonio natural en todo el territorio nacional, que incluye su medio marino así como en la zona económica exclusiva y en la plataforma continental, con independencia de su titularidad o régimen jurídico, teniendo en cuenta especialmente los tipos de hábitats naturales y las especies silvestres en régimen de protección especial.***


***2. Las Administraciones públicas en su respectivo ámbito competencial:***

***f) Integrarán en las políticas sectoriales los objetivos y las previsiones necesarios para la conservación y valoración del Patrimonio Natural, la protección de la Biodiversidad y la Geodiversidad, la conservación y el uso sostenible de los recursos naturales, la prevención de la fragmentación de los hábitats y el mantenimiento y, en su caso, la restauración de la integridad de los ecosistemas”.***



e. Paisaxe:

O Parque Eólico Albariño I afectará ao Área de Interese Paisaxístico da Serra da Groba, como se pode apreciar seguidamente:



Fonte: Plan Básico Autonómico de Galicia

Incorporándose no Anexo D do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I Estudo de Impacto e Integración Paisaxística no apartado 9 do cal se conclúe o seguinte:

*“El presente proyecto se emplaza directamente sobre la Serra da Groba, un emplazamiento de alto valor paisajístico. Se encuentra por ello clasificada como un Área de Especial Interés Paisajístico. Esta zona es la de mayor afección paisajística en términos de visibilidad. Hay otras AEIP afectadas pero siempre en baja extensión y con poca visibilidad.*

*Tiene mucho peso en la determinación del impacto paisajístico la cercanía de una de las rutas del Camino de Santiago (Camino portugués de costa) y al GR-58 Sendeiro das Greas. En el caso del camino de Santiago, discurre a más de 4 km de la ubicación propuesta para los aerogeneradores y en la mayor parte de su recorrido no tiene visibilidad o bien la visibilidad es media a media-baja. Tan sólo en un corto tramo cerca de Baiona presenta visibilidad media-alta. Por su parte, el sendero de largo recorrido GR-58 discurre por el interior de la poligonal y muy cerca de la ubicación propuesta para algunos de los aerogeneradores, por lo que, en ese tramo, la visibilidad será alta. Mientras que en el resto del recorrido, disminuye rápidamente la visibilidad a media y baja.*

*La superficie desde la que es visible algún aerogenerador es muy similar en ambas alternativas. Sin embargo, en el caso de la alternativa B, la mayor parte de la cuenca visual presente visibilidad media a alta, es decir, desde la mayor parte del territorio desde el que hay visibilidad, son visibles 3 o más aerogeneradores; mientras que en el caso de la alternativa B, la mayor parte*

de la cuenca visual tiene visibilidad media-baja a baja, es decir, será visibles 2 o 1 aerogeneradores.

*En términos generales, se considera que desde un punto de vista visual y paisajístico el impacto paisajístico del proyecto es MODERADO”.*

Considerándose por esta parte que, en atención aos valores paisaxísticos que teñen determinado a calificación da Serra da Groba como Área de Especial Interese Paisaxístico, a valoración do impacto que correspondería sería, cando menos o de severo.

Debendo lembrar ser o previsto no art. 6 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, da Paisaxe de Galicia, que:

***“Las actuaciones de las administraciones públicas en materia de paisaje deben atender, como mínimo, a los siguientes fines:***

***1. La protección del paisaje: entendida como todas aquellas acciones que tengan como fin la preservación y conservación de los elementos más significativos y característicos de un paisaje , justificados por su valor patrimonial como resultante de su configuración natural o de la intervención humana sobre el medio”.***

f. Poboación:

No Anexo E do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I inclúese Estudo de predicción acústica integrado por “Informe de ensayo de ruido ambiental. Determinación de los niveles acústicos preoperacionales. Parque Eólico Albariño” elaborado por ADANTIA, S.L. en data de 21-22 de setembro de 2020 e Estudo de predicción acústica elaborado por esa mesma mercantil en setembro de 2020, no cal se efectúa modelización acústica, determinando cumprirse cos valores de inmisión acústica establecidos na Tabla B1 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, del Ruido, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas con respecto a sectores con predominio de uso residencial.

Debendo porse de manifesto procederse en tales estudos á análise dos niveis acústicos en fase preoperacional e predictivos partindo das estimacións de partida, de modo tal que tales niveis poden variar notablemente en fase de operación, considerando en todo caso insuficiente a previsión que se contempla como Medida protectora/correctora no apartado 13.2.1 de dito Estudo de Impacto ambiental, correspondente con:

***“Aunque no es previsible la existencia afecciones al confort sonoro ni en fase de obra ni en explotación vistos los resultados expuestos en el anexo E, Predicción Acústica, en el caso de se detecten afecciones significativas o existan reclamaciones vecinales o de terceros, se realizarán campañas de control acústico para evaluar dicha incidencia y establecer las limitaciones precisas en el caso de incumplimiento del marco legislativo vigente.”***

Ao igual que no Programa de Vixilancia Ambiental, de conformidade ao previsto no apartado 14.3 de dito Estudo de Impacto Ambiental con respecto da fase de explotación, ao referir:

*“Se propone que se realice una campaña de caracterización de los niveles de presión sonora en los núcleos de población más próximos, para verificar los resultados obtenidos en el modelo predictivo de los niveles de presión sonora. En el caso de no detectar afección significativa, proponemos no continuar con el control acústico, salvo existencia de reclamaciones vecinales”.*

Resultando incontestable que a mercantil promotora debe establecer dende un primeiro momento o procedemento de control aplicable con respecto aos ruidos aos efectos de evitar afección á calidade de vida dos veciños da zona, debendo manterse durante toda a fase de explotación.

No Anexo G do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Albariño I intégrase Análise do efecto parpadeo, sendo o que se determina no seu apartado 6.3:

*“Teniendo en consideración que el resultado del modelo no sitúa edificaciones residenciales y/o servicios públicos funcionales que, según el modelo, superarían las 30 horas/año de efecto parpadeo, no se propone la adoptar medidas.*

*En caso de que existan reclamaciones vecinales se llevará a cabo un control durante un año y en caso de que se supere el umbral se plantearía la programación de parada técnica temporal de aerogeneradores del parque solos o combinados de manera que se evite la superación de dicho umbral”.*

Vencellando a adopción de medida correctoras á existencia de queixas por parte dos veciños, o cal non se considera aceptable, debendo articularse igualmente dende un principio os controis a realizar en fase de operación para detectar incidencias por shadow flicker.

g. Usos do solo:


No apartado 8.4.2 do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Albariño I sinálase que:

*“Como se observa en los datos, el uso principal del suelo es el de matorral, que ocupa prácticamente la mitad de la superficie de la poligonal. Los siguientes usos con mayor porcentaje de cobertura son los bosques de frondosas, bosques de coníferas, bosque mixto y combinación de vegetación, que incluye mosaicos de arbolado con matorral, herbazal y/o suelo desnudo.*

*Con una pequeña ocupación de la superficie de la poligonal (por debajo del 2%), encontramos los usos relacionados con asentamientos agrícolas y huerta y combinaciones de cultivos con vegetación natural.*

*Existe una pequeña superficie destinada a uso industrial y otra que se corresponde con casco, que se refiere a una zona urbana mixta consolidada caracterizada por tener una trama irregular, viales muy estrechos y pocas zonas verdes, normalmente con crecimiento sobre vías preexistentes. También se identifica una pequeña superficie denominada como discontinuo, que se refiere a una zona urbana que puede estar consolidada o en vía de consolidación”.*

Resultando afectadas por las infraestructuras proyectadas una amplia superficie de terrenos integrantes de montes veciñais en man común, como se puede observar seguidamente:




Fonte: Plan Básico Autonómico

Terreos éstos que resultarán afectados de modo permanente no seu uso, véndose imposibilitado o desenvolvemento do actualmente existente, de modo tal que non se comparte a calificación que deste impacto se realiza como compatible en fase de construción e moderado en fase de explotación no apartado 9.4.3. de dito Estudo de Impacto Ambiental con relación á aptitude agroforestal e como moderado no seu apartado 9.4.16 con relación aos usos do solo, considerando ser a cualificación que correspondería a de moderado e severo, respectivamente.

#### h. Patrimonio cultural:

A zona de implantación do Parque Eólico Albariño I caracterízase pola acumulación de elementos do patrimonio cultural de Galicia, como se pode apreciar a continuación:



Fonte: Visor do Plan Básico Autonómico de Galicia

Incorporándose no Anexo H do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Albariño I Avaliación do Impacto arqueolóxico de dita instalación, no que se relaciona afección a 16 elementos do patrimonio cultural da zona, cualificándose como severo o que se orixina a 2 deles e moderado a 6.

Mencionándose entre ditos elementos a Explotación mineira de Os Muros, Mámoa 1 da Casiña de Ouro e a Mámoa 2 da Casiña de Ouro, ubicados no termo municipal de Tomiño; determinando como compatible o impacto que sobre eles se orixinará coa aplicación das medidas correctoras previstas.

Resultando claras as previsións do art. 2 e art. 3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, ao sinalar que:

***“3. Los poderes públicos integrarán la protección del patrimonio cultural en las políticas sectoriales de educación, investigación, ordenación del territorio, urbanismo, paisaje, conservación de la naturaleza, desarrollo rural y turístico, así como en aquellas que supongan la gestión del dominio público”.***

***“2. Las entidades que integran la Administración local, en relación con los bienes del patrimonio cultural de Galicia que se localicen en su ámbito territorial, tienen las obligaciones de:***

***a) Proteger, difundir y fomentar su valor cultural”.***

Considerándose que deben ser debidamente ponderados os efectos que se orixinarán aos elementos integrantes do patrimonio cultural de Galicia existentes no ámbito de implantación, sendo severo o impacto que se lles ocasiona.

Debendo engadir, polo que respectaría ao contido das Medidas preventivas e correctoras que se incorpora no apartado 13 do Estudo de Impacto Ambiental e do Programa de Vixilancia Ambiental do seu apartado 14, ser o previsto no apartado 5 e 6 da Parte A do Anexo VI da Lei 21/2013, que:

*“5. Establecemento de medidas preventivas, correctoras y compensatorias para reducir, eliminar o compensar los efectos ambientales significativos.*

*Se describirán las medidas previstas para prevenir, corregir y, en su caso, compensar, los efectos adversos significativos de las distintas alternativas del proyecto sobre el medio ambiente, tanto en lo referente a su diseño y ubicación, como en cuanto a la explotación, desmantelamiento o demolición. En particular, se definirán las medidas necesarias para paliar los efectos adversos sobre el estado o potencial de las masas de agua afectadas.*

*Las medidas compensatorias consistirán, siempre que sea posible, en acciones de restauración, o de la misma naturaleza y efecto contrario al de la acción emprendida.*

***El presupuesto del proyecto incluirá estas medidas con el mismo nivel de detalle que el resto del proyecto, en un apartado específico, que se incorporará al estudio de impacto ambiental.***

*6. Programa de vigilancia y seguimiento ambiental.*

*El programa de vigilancia ambiental establecerá un sistema que garantice el cumplimiento de las indicaciones y de las medidas previstas para prevenir, corregir y, en su caso, compensar, contenidas en el estudio de impacto ambiental, tanto en la fase de ejecución como en la de explotación, desmantelamiento o demolición. Este programa atenderá a la vigilancia, durante la fase de obras, y al seguimiento, durante la fase de explotación del proyecto. **El presupuesto del proyecto incluirá la vigilancia y seguimiento ambiental, en fase de obras y fase de explotación, en apartado específico, el cual se incorporará al estudio de impacto ambiental”.***

Sen integrarse en dito documento orzamento algún relativo ás actuacións contempladas dentro de tales Medidas preventivas e correctoras así como no Programa de Vixilancia Ambiental, nin tampouco dentro do orzamento do Proxecto de execución do Parque Eólico Albariño I, resultando imprescindible a cuantificación económica das medidas e controis propostos para poder comprobar o seu alcance e garantir a efectiva implantación pola mercantil promotora.

**Quinta.-** En último termo, por de manifesto, polo que respectaría á Relación de Bens e Dereitos afectados polo Proxecto do Parque Eólico Albariño I, existir un erro na referencia á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Burgueira con respecto das parcelas nº 20 e nº 23 ao pertencer a súa titularidade á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Barrantes, o cal debe ser rectificado.

Polo exposto,

**SOLICITO** que tendo por presentado este escrito en debido tempo e forma, se sirva en admitirlo, tendo por formuladas as presentes **ALEGACIÓNS** con respecto do estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico “Albariño I”, emprazado nos concello de Baiona, Oia e Tomiño da provincia de Pontevedra (IN661A 2007/1-4), ao ser o que corresponde de conformidade a dereito.

En Tomiño, a 16 de novembro de 2021

Asdo. Dña. Sandra González Álvarez